XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## IES AGRA DE LEBORIS

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

# INDICE

**1. MARCO TEÓRICO E LEGAL… 4**

1.1. Marco teórico…4

1.2. Marco normativo…6

**2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO…8**

2.1. Características do centro e do seu contorno…8

2.2. Aspectos da xestión e organización que inflúen na atención á diversidade…8

2.3. Estado das relacións e da participación do centro…9

**3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES…10**

3.1. Necesidades a nivel de centro…10

3.2. Necesidades a nivel de aula-clase…10

3.3. Necesidades a nivel individual…10

3.4. Indicadores para a identificación e valoración de necesidades…11

**4. OBXECTIVOS DO PLAN…12**

**5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE…13**

5.1. Actuacións xerais…13

5.2. Medidas preventivas, organizativas, curriculares e de coordinación…14

5.3. Programas específicos de atención á diversidade... 20

**6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS… 26**

**7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO… 29**

**8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN… 31**

8.1. Coordinación e colaboración interna no centro… 31

8.2. Coordinación e colaboración cos centros adscritos… 31

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

8.3. Coordinación e colaboración cos centros de primaria non adscritos e centros de secundaria da zona… 32

**9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO… 33**

9.1. Colaboración coas familias… 33

9.2. Colaboración con servizos externos ao centro… 34

**10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS… 35**

10.1. Derivación ao departamento de orientación do centro… 35

10.2. Derivación ao equipo de orientación educativa (EOE)… 35

10.3. Solicitudes e autorización de medidas extraordinarias… 35

**11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN…37**

11.1. Seguimento do plan… 37

11.2. Avaliación do plan… 37

11.3. Mellora do plan… 39

**ANEXOS… 41**

- Autorización para a intervención do departamento de orientación
- Conformidade para a intervención do departamento de orientación
- Proposta de incorporacion ao programa de reforzo educativo
- Ficha de seguimento do alumnado polo departamento de orientación
- Informe individual final de curso sobre as medidas de apoio educativo
- Informe de avaliación individualizado-ESO. Plan de recuperación de materias pendentes para a avaliación final
- Informe de reforzo individual para o alumnado que promociona con materias sen superar
- Informe específico individualizado para o alumnado que repite curso
- Recepción de informe psicopedagóxico
- Solicitude de informe psicopedagóxico
- Principais medidas de atención á diversidade
- Ficha de seguimento de aplicación de protocolos educativos.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

## 1. MARCO TEÓRICO E LEGAL

### 1.1. MARCO TEÓRICO

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo I do título preliminar establece os principios e fins do sistema educativo; entre os principios que o inspiran destacan a calidade da educación para todo o alumnado; **a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación;** a concepción da educación ao longo de toda a vida; **a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado;** a orientación educativa e profesional do estudantado; o esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a **autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares**.

Do que se trata, como se indica no punto un do artigo único da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é **de garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado**, sen ningún tipo de discriminación, **e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal.**

O decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Artigo 3, establece o **concepto de atención á diversidade**: "*No marco deste decreto, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado*".

O artigo 4.1 deste decreto concreta os **principios xerais de actuación**: "*A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa*". Atendendo a estes principios, a administración educativa debe dar resposta á atención á diversidade, para elo fai referencia ás **medidas a atención á diversidade**.

No artigo 7 establece que son medidas de atención á diversidade aquelas **actuacións, estratexias e/ou programas** destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en **ordinarias e extraordinarias** e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

Nos seguintes apartados do plan de atención á diversidade iranse concretando e describindo algunhas desas medidas tendo en conta ás necesidades do noso centro educativo e os obxectivos que se establezan

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

no plan. As medidas de atención a diversidade contidas neste plan estarán sempre suxeitas a supervisión e a cambios segundo se modifican as necesidades reais do centro e os marcos normativos vixentes.

Priorizaranse estas medidas de atención á diversidade na etapa da ESO.

De conformidade co artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tal como se recolle na Orde de 8 de setembro de 2021, enténdese por **alumnado con necesidade específica de apoio educativo** as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Asimesmo, enténdese por alumnado que presenta **necesidades educativas especiais** o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados poios ou atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos **principios de normalización e inclusión**, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.

A **identificación e a valoración do alumnado** con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención. Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os **recursos de apoio** que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

A consellería con competencias en materia de educación, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os procedementos oportunos cando cumpra realizar **adaptacións significativas** dos elementos do currículo, coa finalidade de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.

Nos casos de escolarización do **alumnado con altas capacidades intelectuais**, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta **flexibilización** poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.Os **plans de actuación**, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería con competencias en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o do alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

Por último, indicar que a Lei Orgánica 2/2020, de 29 de decembro, para a mellora da Lei Orgánica de Educación, modifica no seu artigo único a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), deroga a LOMCE 8/2013 de 9 de decembro, e establece una serie de disposición para regular a transición lexislativa. Hai modificacións no relativo a algunhas medidas de atención á diversidade que se irán concretando nos apartados correspondentes, e estamos pendentes de novos desenvolvementos normativos.

### 1.2. MARCO NORMATIVO

A normativa e outra documentación de referencia a ter conta estará sempre suxeita á necesidade de adaptación aos cambios e novos desenvolvementos como xa se comentara:

- LEI ORGÁNICA 3/2020, de 29 de decembro, pola que modifícase a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- LEI 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- REAL DECRETO 943/2003, de 18 de julio, por el que se regulan las condiciones para flexibilizar la duración de los diversos niveles y etapas del sistema educativo para los alumnos superdotados intelectualmente.
- CIRCULAR 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

- CIRCULAR 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obligatoria.
- CIRCULAR 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- **ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.**
- PROTOCOLOS publicados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a atención á diversidade do alumnado nos centros educativos de Galicia.
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na CAG
- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da bacaharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

## 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### 2.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO

O noso centro educativo situado na Laracha, na comarca de Bergantiños, conta cunha ampla diversidade de alumnado. A oferta educativa do noso centro inclúe as etapas da ESO e Bacharelato.

Na ESO hai liña catro que pode variar segundo as necesidades que se presenten cada curso escolar.

O alumando que **acada os estudos da ESO** no noso centro pode acceder á etapa de **bacharelato** en dúas modalidades:

- Humanidades e Ciencias sociais.
- Ciencias e Tecnoloxía.

Esta oferta educativa está sendo susceptible de modificacións segundo a normativa vixente, polo que haberá que ir revisando os documentos oficiais de centro para ir reflectindo ditos cambios. Todo debe quedar especificado no noso Proxecto Educativo (PE).

Con esta diversidade de alumnado precisamos concienciarnos da necesidade de levar a cabo un plan de atención á diversidade que analice en profundidade as situacións de cada alumno e cada grupo-clase, estableza pautas de actuacións concretas para o regulamento das normas de convivencia e permita a resolución dos mesmos, co fin de crear un clima de centro positivo e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

### 2.2. ASPECTOS DA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN QUE INFLÚEN NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O plan de atención á diversidade elabórase en relación co noso proxecto educativo de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), as propostas dos distintos departamentos, que trasladarán ao equipo directivo. Este plan debe ser aprobado polo consello escolar, por proposta do claustro de profesorado e pasará a formar parte do proxecto educativo.

O **equipo directivo** será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación deste plan. Ao comezo de cada curso escolar o **departamento de orientación** elaborará unha proposta anual que debe formar parte da programación xeral anual (PXA).

As relacións e a participación na vida do centro considéranse positivas en todo momento. Aínda que hai tempos e espazos fixos para a relación e participación da comunidade educativa, cóntase con outros non fixos que se crean de xeito natural segundo van xurdindo as necesidades. Neste caso, a colaboración é case sempre aceptada e búscanse as formas de organizarse para o seu máximo aproveitamento.

Por parte do **profesorado**, dende as Comisións de Coordinación Pedagóxica (CCP) establécense as liñas de actuación para o deseño, posta en práctica, seguimento e avaliación do plan de atención á diversidade. Dende o claustro de profesores/as infórmase do plan de atención á diversidade cos medios e recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Nas reunión de departamentos, vanse concretando as actuacións, sendo o departamento de orientación un dos máis implicados neste labor.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

Un aspecto importante a ter en conta é a diversidade de profesorado no noso centro. O claustro está composto po ó redor de 50 docentes. A maioría é fixo e da zona, aínda que se conta con bastante profesorado da Coruña capital e arredores, e profesorado que ven a impartir docencia no noso centro de xeito temporal, para quén o apoio no tocante á atención á diversidade é especialmente necesario.

O **alumnado** de referencia do noso centro educativo para cursar a ESO ven dos centros adscritos CEIP Ramón Otero Pedrayo, na Laracha, CEIP Alfredo Brañas, en Paiosaco, e CEIP de Caión, de dita localidade, máis alonxada. Tamén se pode recibir alumnado doutras localidades próximas (Carballo e Arteixo), sendo a dispersión unha característica da nosa contorna de poboación, xa que o concello é grande e esta formado por 9 parroquias.

## 2.3. ESTADO DAS RELACIÓNS E DA PARTICIPACIÓN DO CENTRO

As **familias** dos nosos alumnos soen amosar interese pola formación dos seus fillos/as. Adoitan asistir con fluidez ao centro educativo e colaboran de forma permanente. Cóntase coa participación de familias dende o consello escolar e a Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA). O nivel sociocultural considérase medio e medio baixo. Nalgún casos precisamos colaborar con outros servizos para axudar a responder ás necesidades dalgunhas familias, en concreto cos servizos sociais, Centro de Saúde, e diversas asociacións da contorna.

O **persoal de administración e servizos** está formado polo persoal de conserxaría (dous membros), unha persoa como auxiliar administrativo e persoal de limpeza. Ademais hai que contar co servizo de cafetería (aínda que non activo temporalmente), comedor e transporte para actividades complementarias ou extraescolares.

Doutras **institucións e entidades da contorna** ás que hai que facer referencia pola implicación co noso centro destácanse as seguintes: centro de saúde, servizos sociais e CIM do Concello, Garda Civil, Policía Local, entre outros. De gran importancia na administración educativa é a existencia do **equipo de orientación específico (EOE) de A Coruña** que conta con distintos especialistas que permiten mellorar a resposta da atención á diversidade. Neste caso, no apartado correspondente explicarase o procedemento a seguir para solicitar a intervención do EOE.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

## 3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

### 3.1. NECESIDADES A NIVEL DE CENTRO

A nivel de centro, seguirase revisando documentos oficiais de centro, para valorar e facer modificacións que poidan mellorar a organización e funcionamento do centro, e atender as necesidades de adaptación á nova lexislación.

Levarase a cabo unha avaliación inicial de todo o alumnado que permitirá atender as necesidades educativas a nivel de centro, aula e individual.

Segundo o tipo de centro pódense dar distintas modalidades de escolarización dependendo das necesidades que se presenten. Neste momento concreto considérase un centro público ordinario con aula de apoio e programas específicos de atención á diversidade.

### 3.2. NECESIDADES A NIVEL DE AULA-CLASE

A nivel de aula, valorarase a formación de grupos por nivel, centrándonos na adecuación das programacións didácticas, concreción da acción titorial, a organización dos apoios educativos e reforzos educativos, o mesmo que a acollida e integración do novo alumnado, tanto a nivel de centro como aula.

Os grupos da ESO serán heteroxéneos, onde se terán en conta os principios establecidos para a atención á diversidade, de integración e normalización, tendo en conta o alumnado repetidor, o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou necesidades educativas especiais, o que precisa medidas de reforzo educativo, o que necesita adaptacións curriculares, e outros aspectos que permitan equilibrar os grupos. Para elo, atenderase as recomendacións do equipo docente de referencia do curso anterior e as posibilidades organizativas do centro para formar os grupos, atendendo tamén á optatividade.

### 3.3. NECESIDADES DE TIPO INDIVIDUAL

A nivel individual, levaremos a cabo a revisión de expedientes académicos con titores/as, valoración colectiva dos alumnos cando se considere necesario, valoracións psicopedagóxicas (cando sexan necesarias), nivel de competencia curricular, para ir adecuando o proceso de ensino-aprendizaxe a favorecer o seu proceso de desenvolvemento integral.

Para a avaliación de necesidades, teremos en conta o tratado cos equipos docentes de referencia do alumnado e os departamentos de orientación, sobre todo dos centros adscritos, levaremos a cabo a revisión de documentos, aplicación de cuestionarios ou tests psicopedagóxicos, realización de reunións de coordinación, entre outros instrumentos.

Tendo en conta as necesidades actuais e as que poidan xurdir, sempre hai que axustar as medidas de atención á diversidade que se irán concretando cada curso escolar na programación xeral anual. Respecto ás posibles medidas de atención á diversidade a aplicar, é preciso reflectir o establecido no **Real Decreto 1150/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato** e

o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. E coa LOMLOE o ***DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.***

### 3.4. INDICADORES PARA A IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A identificación e valoración de necesidades vai permitir seguir tomando medidas tanto organizativas como curriculares adaptadas ás necesidades do centro, da aula e do alumnado. Estableceranse indicadores específicos que se concretan a continuación:

| Indicadores | Concrecións e Procedementos | |
|---|---|---|
| **ETAPA EDUCATIVA**<br>**Detección de necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)** | ☐ ESO<br>☐ BACHARELATO | ☐ Profesorado<br>☐ Departamento de Orientación<br>☐ EOE<br>☐ Outros axentes |
| **TIPO DE NEAE** | ☐ Necesidades Educativas Especiais (discapacidade, trastornos graves da conduta ou da comunicación e da linguaxe).<br>☐ Altas capacidades<br>☐ Trastornos da atención ou da aprendizaxe<br>☐ Condicións persoais ou de Historia Escolar<br>☐ Incorporación tardía ao sistema educativo<br>☐ Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe<br>☐ Vulnerabilidade Socioeducativa<br>☐ Outras | ☐ Informes titores/as<br>☐ Informes médicos<br>☐ Informes entidades privadas<br>☐ Informes psicopedagóxicos<br>☐ Ditames de escolarización<br>☐ Informes EOE<br>☐ Outros |
| **MEDIDAS ORGANIZATIVAS APLICADAS** | ☐ Apoios específicos<br>☐ Agrupamentos específicos para reforzo educativo<br>☐ PDC<br>☐ Flexibilización escolar<br>☐ Outros | |
| **MEDIDAS CURRICULARES APLICADAS** | ☐ Ordinarias<br>☐ Extraordinarias | |
| **AVALIACIÓN DAS MEDIDAS EDUCATIVAS** | ☐ Inicial<br>☐ Trimestral<br>☐ Final<br>☐ Cambio de etapa | |
| **CONTEXTO FAMILIAR** | ☐ Comunicación da detención de necesidades<br>☐ Comunicación das medidas educativas<br>☐ Conformidade | |

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

## 4. OBXECTIVOS DO PLAN

Os obxectivos do plan responden ás necesidades e realidade do noso centro e son os que seguen:

- Colaborar co profesorado nas medidas de atención á diversidade que sexa necesario aplicar.
- Elaborar propostas que se poidan levar a cabo no centro co fin de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, desde a perpectiva do Deseño Universal da Aprendizaxe.
- Participar na planificación, coordinación e desenvolvemento de actuacións preventivas no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Atender e dar resposta ante as dificultades de aprendizaxe que poidan presentar determinados alumnos/as.
- Elaborar e desenvolver diversas adaptacións e diversificacións curriculares.
- Contribuír á axeitada interacción entre profesorado, alumnado e familias, integrantes da comunidade educativa.
- Buscar a cooperación entre todos os implicados responsábeis no proceso de ensino-aprendizaxe co fin de optimizar os resultados do mesmo.
- Buscar a cooperación de axentes externos para completar as actuacións levadas a cabo no proceso de ensino-aprendizaxe.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

## 5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 5.1. ACTUACIÓNS XERAIS

As actuacións xerais que se levarán a cabo deseñaranse e desenvolveranse tanto a nivel de centro, como de aula e a nivel individual. Estarán dirixidas a toda a comunidade educativa.

| | | |
|---|---|---|
| **A NIVEL DE CENTRO** | Comisión de Coordinación Pedagóxica<br>Claustro de profesorado Consello Escolar | Implicación de toda a comunidade educativa dende as distintas formas de representación |
| | Proxecto Educativo<br>Programacións Didácticas<br>Plan de Acción Titorial<br>Plan de Convivencia | Concreción do plan de atención á diversidade nos distintos documentos de centro |
| | Formación permanente | Grupos de traballo<br>Cursos<br>Seminarios |
| **A NIVEL DE TITORÍA GRUPO-CLASE** | Medidas curriculares ordinarias<br>Medidas curriculares extraordinarias | Deseño, aplicación, seguimento e avaliación de medidas curriculares ordinarias e extraordinarias atendendo a cada curso escolar. |
| | Medidas organizativas | Organización de grupos de reforzo educativo dentro e fora da aula.<br>Organización de grupos de apoio específico de PT, en aula ordinaria e/ou aula de apoio<br>Organización de grupo PDC |
| | Dinámicas grupais inclusivas de integracións, de respecto ás diferenzas e de resolución de conflitos | Durante todo o curso escolar, en sesión de titoría ou cando se considere necesario |
| | Actividades adaptadas no grupo clase, de reforzo e/ou de ampliación | Ao comezo do curso escolar previo informe do titor/as.<br>Durante todo o curso escolar, ou cando se considere necesario. |
| | Coordinación entre o profesorado ordinario e o profesorado de reforzo e apoio | Dende o comezo do curso cando se considere necesario e nas xuntas de avaliación |
| | Coordinación con axentes externos | Cando se considere necesario |
| **A NIVEL INDIVIDUAL** | Análise de necesidades individuais | Revisión da historia académica.<br>Derivación ao departamento de orientación<br>Informes psicopedagóxicos<br>Informes de profesorado de apoio<br>Informes dos titores/as<br>Outro tipo de informes médicos, sociais… |
| | Prevención de necesidades educativas | Dende o comezo de curso<br>Programa de hábitos e técnicas de estudo<br>Programa específicos de enriquecemento |

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

| | | |
|---|---|---|
| | | curricular<br>Programas específicos de reforzo educativo<br>Coordinación co profesorado<br>Coordinación coas familias |
| | Intervención nas necesidades de educativas | Programas específicos de reforzo educativo<br>Programa específico de apoio específico<br>Coordinación co profesorado<br>Coordinación coas familias |

**5.2. MEDIDAS PREVENTIVAS, ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN**

**Medidas preventivas**

As estratexias e métodos de detección temperá de problemas de aprendizaxe pódense concretar atendendo a varios frontes: órganos de goberno e de coordinación docente do centro, profesorado e alumnado.

*** Co Centro**

1. *Colaboración co Equipo Directivo* na análise das necesidades do Centro.
2. *Participación activa na comisión de coordinación pedagóxica (CCP)*, asesorando sobre os aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos do proxecto educativo de centro, e todos os aspectos deste que competen ao departamento de orientación: plan de acción titorial, plan de orientación, medidas de atención á diversidade, criterios e procedemento para a elaboración das adaptacións curriculares, organización de recursos materiais e persoais para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
3. *Coordinación e fomento da comunicación* nas xuntas de profesores/as de grupo e dos equipos de titores/as.
4. *Coordinación cos centros adscritos, cos orientadores de referencia deses centros.*
5. *Coordinación con outros centros educativos, cos orientadores/as de referencia deses centros.*

*** Co profesorado**

- Colaboración co profesorado do Instituto, a través dos departamentos didácticos, dos equipos de titores/as, das xuntas de profesores/as de grupo, ou a solicitude individual asesorando sobre:
- Criterios metodolóxicos para previr dificultades de aprendizaxe (adquisición de hábitos e técnicas de estudo, aumento da motivación, fomento da lectura…).
- Criterios para intervir con alumnos/as que presenten dificultades (reforzos e apoios educativos…) seguindo un protocolo de derivación de alumnado.
- A xeneralización na elaboración de Adaptacións Curriculares (AC) por parte de todos os departamentos.
- As decisións relativas á avaliación e promoción dos alumnos/as dun curso a outro.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

a) Facilitación de instrumentos de detección de dificultades de aprendizaxe xerais e de detección dos alumnos/as en desvantaxe social, así como instrumentos para identificar o nivel de competencia curricular (NCC).
b) Asesoramento nas sesións de avaliación, sobre o propio proceso de avaliación na ESO e sobre actividades de reforzo e/ou recuperación desde as áreas para alumnos que o precisen.

* **Co alumnado**

c) Atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo e especialmente con NEE por parte da especialista de PT e da orientadora:
    - Determinando qué alumnos/as deben recibir prioritariamente apoio directo da especialista.
    - Organizando os horarios de atención de alumnos/as, tendo en conta criterios psicopedagóxicos.
    - Colaborando cos profesores/as de área no deseño e posta en marcha das adaptacións curriculares necesarias.
    - Realizando un seguimento e avaliación do proceso xeral de ensino-aprendizaxe dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

- Determinación dos alumnos/as que recibirán reforzo educativo e agrupamentos flexibles.
- O/a profesor/a de orientación educativa realizará estudos individuais ou colectivos dos alumnos/as con dificultades no seu proceso de ensino-aprendizaxe, tendo en conta a iniciativa do seu titor/a tras analizar as medidas postas en marcha ata o momento da demanda.
- O/a profesor/a de orientación educativa, realizará a Avaliación Psicopedagóxica dos alumnos/as que sexa necesario.

**Medidas organizativas**

Será preciso atender ás necesidades educativas que se presenten no centro educativo ofrecendo as seguintes orientacións xerais:

- Reunión de coordinación cos orientadores/as dos centros adscritos para recoller información do alumnado con necesidades educativas.
- Asesoramento individual e grupal ao profesorado, alumnado e familias.
- Organización de espazos para a realización dos apoios e reforzos educativos, contando con espazos específicos (aula de apoio) e organización de reforzos e agrupamentos a nivel de aula.
- Organización de tempos para os apoios e reforzos, destacando un horario específico de apoio de PT.
- Preparación de recursos materiais e didácticos para a posta en marcha dos apoios. Destácanse os realizados e seleccionados para a elaboración e aplicación das AC.
- Seguimento de casos, con carácter semanal por parte do departamento de orientación, e con carácter trimestral nas avaliacións, mediante un informe de avaliación trimestral.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

- Colaboración co profesorado en todo momento, coa coordinación por parte do profesorado que exerce a Titoría dos grupos e agrupamentos (no seu caso), mediante reunións sempre que sexa posible.

Entre as medidas de atención a diversidade que se aplican na etapa da ESO cabe sinalar a optatividade na ESO con carácter ordinario, e a organización das **exencións da materia 2ª Lingua extranxeira** para o alumnado de 1º e 2º da ESO para adicar ese horario ao **Programa de Reforzo das Materias Instrumentais con asignación horaria**, todas as medidas específicas de **Apoio** ou os **Programas de Diversificación Curricular** a desenvolver. Tamén, nesta liña, os **Plans de Reforzo para o alumnado da ESO que pase de cuso con materias pendentes**, ou os **Plan Específicos Persoalizados para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso**. Este programas, ademáis de procurar que o alumnado supere as dificultades que interviron nestas situacións, teñen tamén como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou alumno (Orde de 8 de setembro de 2021).

Todas as medidas que se poñan en marchan cada curso escolar quedarán concretadas na programación xeral anual.

Un tema moi importante a ter en conta cada curso escolar é o proceso de elaboración, aplicación, seguimento e avaliación das adaptacións adaptacións curriculares. Seguindo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021, enténdese por Adaptación Curricular, ou Adaptacións do Currículo, a "modificación realizada nos elementos prescriptivos do currículo", entendendo por estes os obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nas áreas e materias das distintas etapas, e poderá tratarse modificación, ampliación, reducción ou supresión de parte ou de todos eses elementos. Poderán consistir ademais, poderá afectar a outros aspectos curriculares, como a temporalización, a metodoloxía, as técnicas e instrumentos de avaliación e outros aspectos organizativos.

Para a súa elaboración partirase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel no que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso

As AC son medidas extraordinarias de atención educativa que só se deseñarán e aplicarán cando non resultaran suficientes outras medidas de atención educativa aplicadas con anterioridade. As AC As ACS axustaranse ao nivel de competencia curricular do alumno ou alumna, aínda que elaboraranse exclusivamente para o alumnado que presente un desfase curricular de dous cursos ou máis, entre o seu nivel de competencia curricular e o curso no que se atope escolarizado. As adaptacións curriculares das que poida ser obxecto o alumnado con necesidades educativas especiais recolleranse nos documentos individuais de adaptación curricular significativa (DIACS).

Elaboraranse e comezarán a aplicarse no primeiro trimestre do curso escolar, de xeito xeral e segundo indica a normativa de referencia, aínda que poderían plantexarse noutro intre si xurde a necesidade de xeito excepcional e xustificado.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

Tomarán como referencia a información contida no informe psicopedagóxico do alumno afectado e, no seu caso, as decisións e propostas de mellora contidas no propio documento individual de adaptación curricular do curso anterior, si a houber.

A elaboración e aplicación das AC realizarase polo profesorado que atende ao alumno e que imparte as áreas ou materias obxecto de adaptación curricular, baixo a coordinación do titor/a, coa colaboración do profesorado que exerce funcións de apoio específico e o asesoramento do departamento de orientación.

Polo xeral, a duración das AC, salvo que sexa necesaria unha modificación nas condicións persoais e escolares do alumno, de acordo ao informe psicopedagóxico, será dun curso académico para o alumnado da ESO.

As AC requirirán un seguimento trimestral. A avaliación das áreas ou materias obxecto de ACS, así como a súa cualificación, será responsabilidade do profesorado que as imparte, valorando, no seu caso, as aportacións que a tal efecto poida realizar o profesorado que exerce funcións de apoio específico de pedagoxía terapéutica (PT), fundamentalmente nas áreas instrumentais, tomando como referente os criterios de avaliación fixados en dita adaptación.

Finalizado o curso escolar, trala sesión de avaliación final, os responsábeis da elaboración da ACS deberán tomar as decisións oportunas e, no seu caso, as propostas de mellora, en función dos resultados da avaliación do alumno/a.

**Medidas curriculares**

As medidas concrétanse para a Comunidade Autónoma de Galicia **no DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación de Galicia. (DOG, 27/4/98), na **Orde de 8 de setembro de 2021** que o desenvolve, e no actual **DECRETO 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na CAG (DOG, 29/6/2015). E coa LOMLOE o ***DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia***

No Artigo 8, do decreto 229/2011, sobre **Medidas ordinarias** de atención á diversidade. *"… considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas".*

Nas medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

| MEDIDAS ORDINARIAS | IES AGRA DE LEBORIS |
|---|---|
| Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. | Aulas de reforzo.<br>Aulas de desdobre.<br>Aula de apoio.<br>Horarios para reforzo, PDC, apoios…. |
| Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. | Concrecións nas programacións didácticas. |
| Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. | Concrecións no plan de acción titorial. |
| Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. | Concrecións nas programacións didácticas. |
| Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. | Ver plan de convivencia do centro aprobado polo consello escolar do centro con data 30 de xuño de 2015.<br>Programa de mediación escolar concretado para cada curso escolar na PXA. |
| Desdobramentos de grupos | Para a optatividade |
| Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas) | Alumnado 1º e 2º da ESO exento da materia 2ª lingua estranxeira (francés ou portugués). |
| Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. | No resto dos cursos cando sexa necesario e se conte con dispoñibilidade horaria. |
| Programas de enriquecemento curricular | A concretar cada curso escolar |
| Programas de recuperación de materias pendentes | Concrecións nas programacións didácticas |
| Programas específicos personalizados | Concrecións nas programacións didácticas<br>Segundo as necesidades específicas de apoio educativo que xurdan |
| Programas de habilidades sociais | Ver plan de convivencia do centro aprobado polo consello escolar do centro con data 30 de xuño de 2015 |

No Artigo 9, do decreto 229/2011, **sobre medidas extraordinarias** de atención á diversidade. *"… considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do*

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

*Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación".*

As MEDIDAS EXTRAORDINARIAS de atención á diversidade son, entre outras, as que seguen:

| MEDIDAS EXTRAORDINARIAS | IES AGRA DE LEBORÍS |
|---|---|
| Adaptacións curriculares | Ver programa específico de reforzo educativo.<br>Ver apartado sobre adaptacións curriculares. |
| Agrupamentos flexibles | Cando se considere necesario. |
| Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe. | Ver programa específico de apoio de pedagoxía terapéutica. |
| Flexibilización da duración do período de escolarización | Ter en conta os casos procedentes doutras etapas ou centros.<br>Cando se considere necesario. |
| Programas de Diversificación Curricular (PDC) | Inicio no curso 2022 / 2023 |
| Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo. | Atención Educativa Domiciliaria<br>Atención Virtual |
| Grupos de adquisición das linguas | Cando sexa preciso e darcordo coas especificacións normatias. |
| Grupos de adaptación da competencia curricular. | Cando sexa preciso e darcordo coas especificacións normatias. |
| Flexibilización do período de escolarización | Cando se complan os requisitos |

A Consellería con competencias en materia de educación poderá establecer cantas outras medidas de atención á diversidade considere necesarias, así como o procedemento para a súa autorización.

**Medidas de coordinación**

As medidas de colaboración e coordinación que facilite a toma de decisións en temas de atención á diversidade concrétanse nas que seguen:

- Coordinación co **equipo directivo**: sobre todo coa xefatura de estudos.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

- Coordinación co **departamento de orientación**: entre os distintos membros deste departamento, no que ademais da orientadora educativa como xefa do departamento, inclúense a especialista en apoio de pedagoxía terapéutica, e profesorado representante das áreas.
- Coordinación e traballo en **equipo do profesorado**: sobre todo entre a Especialista en Pedagoxía Terapéutica e o profesorado das distintas materias, nos que haberá unha permanente coordinación para a atención do alumnado.
- Colaboración coas **familias**: sobre todo naqueles casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para informar das medidas a seguir e facer un seguimento da intervención educativa.
- Coordinación con **axentes socioeducativos** do entorno: sobre todo servizos sociais, servizos de saúde, EOE, etc., con actividades específicas de prevención para as aulas e o tratamento de casos individuais durante o curso escolar.

### 5.3. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**Programa de acollida do alumnado**

A acollida de do alumnado dos centros céntrase na transición de Educación Primaria a Educación Secundaria Obrigatoria dos centros adscritos:

- CEIP Ramón Otero Pedrayo de A Laracha
- CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco
- CEIP de Caión

Realizadas as reunións de transición co profesorado dos centros adscritos e o Departamento de Orientación organízanse as Xornadas de Portas Abertas co noso centro educativo.

Ao comezo de cada curso escolar organízase a recepción do alumnado co profesorado-titor/a para a primeira toma de contacto e recibir a información xeral do curso.

Respecto do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Explicación da oferta da matrícula no curso que corresponda.
- Avaliación inicial para saber o nivel de competencia nas distintas materias.
- Explicación das normas de organización e funcionamento do centro.
- Apoio de alumnado do grupo-clase.

**Programa de reforzo educativo**

O programa de reforzo educativo ten entre os seus obxectivos previs as dificultades de aprendizaxe, detectar ao alumnado que presenten dificultades de aprendizaxe e dar resposta as mesmas, reforzar as técnicas instrumentais básicas nas áreas instrumentais (linguas e matemáticas) e favorecer a coordinación entre os membros do equipo directivo.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

Tomarase como referencia as memorias dos cursos anteriores, dos departamentos didácticos e o departamento de orientacion, os informes das reunións cos centros adscritos.

Terase en conta a normativa vixente en materia de reforzo educativo e os etablecido segundo os novas concrecións da LOMLOE. O reforzo educativo concretaranse nos que seguen:

- Reforzo educativo para o alumnado con exención da segunda lingua estranxeira para o alumnado de 1º e 2º da ESO.
- Reforzo educativo do alumnado segundo a proposta do profesorado nas distintas materias.
- Reforzo educativo coa intervención dos especialistas en Pedagoxía Terapéutica.

Cada curso escolar, nas xuntas de avaliación quedará reflectido nos informes e no XADE.

**Programa de apoio específico de pedagoxía terapéutica**

O alumnado que presentan necesidades específicas de apoio educativo poderán contar coa intervención do profesorado especialista ne Pedagoxía Terapéutica, atendendo aos criterios estrablecidos na normativa vixente, Orde do 8 de setembro de 2021.

A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica (PT) e do especialista en Audición e Linguaxe (AL) débese entender como un **recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con NEE,** sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria

O profesorado especialista en PT e o especialista en AL realizarán as seguintes funcións específicas:

a) Colaborar coa xefatura do DO na proposta de organización da docencia de apoio.
b) Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do DO á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.
c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do DO.
d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.
e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas quefavorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do DO e segundo o modelo facilitado polo DO, que se incluirá no seu expediente. No anexo V, a modo orientativo, figura un modelo dese informe.

h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

O apoio do profesorado especialista en AL centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

A atención docente directa por parte do profesorado especialista en PT ou en AL realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea.

Da atención excepcional fóra da aula á que se refire o parágrafo anterior, exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da proadución oral do alumnado. Neste caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.

Os **programas de intervención**, que se citan no punto 2.c) deste artigo, deberán considerar, cando menos:

a) As competencias adquiridas e as necesidades educativas que presentan a alumna ou o alumno, que deben constar no informe psicopedagóxico.

b) O currículo de referencia da alumna ou do alumno. De tratarse de alumnado con adaptación curricular, deberá considerar o currículo adaptado.

c) O enfoque metodolóxico do profesorado de apoio en relación co que aplica o profesorado da área ou da materia na que o alumnado recibe o apoio.

d) A coordinación co profesorado titor e co profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.

e) O seguimento e a avaliación do programa, que incluirá indicadores de avaliación. A información obtida deses procesos daralla a coñecer o profesorado de apoio ao equipo docente, cando menos, nas sesións de avaliación.

Ao finalizar o curso escolar, e tomando como fonte **os INFORMES DE APOIO de fin de curso** de cada alumna ou alumno, aos que se refire o punto 2.g) deste artigo, o profesorado de apoio elaborará unha memoria na que incluirá, cando menos, os seguintes aspectos:

a) Cantidade de alumnado ao que apoiou ao longo do curso, con indicación da ensinanza e do

b) nivel educativo.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

c) Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas ou das materias nas que realizou as intervencións de apoio.
d) Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.
e) Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso.

A **MEMORIA** entregaráselle á **xefatura do Departamento de Orientación** para a incluír, como anexo, na memoria anual dese departamento.

**Programa de Diversificación Curricular**

Os programas de diversificación curricular (PDC) consisten nunha modificación e unha adaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria polo alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o que, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do devandito título.

Nos PDC empregarase unha metodoloxía específica que permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral.

Os PDC organizaranse nos ámbitos de coñecemento que o Goberno e as administracións educativas definan, de conformidade co establecido no artigo 27.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O alumnado destinatario desta medida extraordinaria deberá cumprir, simultaneamente, os seguintes requisitos:

a) Ser alumnado con NEAE que presente DA.
b) Ter sido obxecto doutras MAD, sen que estas resultasen efectivas para a recuperación das dificultadas detectadas.
c) Atoparse en risco evidente de non acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes cursando o currículo ordinario.
d) Contar con expectativas razoables de obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria coa incorporación a este programa.

Para poder ser proposto para a incorporación a este programa o alumnado deberá atoparse nalgunha das seguintes **situacións**:

a) Ter cursado o 2º **curso da ESO**, **non estar en condicións de acadar a promoción a 3º** e **ter repetido unha vez na educación básica**.
b) Ter cursado o 3º curso da ESO e non estar en condicións de acadar a promoción ao curso seguinte.
c) Ter repetido o 3º curso da ESO e non superalo.
d) Ter cursado o 4º curso da ESO e non superalo, tendo repetido unha vez na etapa.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

A **duración** dos programas de diversificación curricular será de **dous cursos**. Excepcionalmente, poderán establecerse programas **dun curso** de duración para o alumnado que se atope nas situacións establecidas nas alíneas c) e d) do punto 5 deste artigo.

Os grupos que se conformen para desenvolver estes programas, con carácter xeral, **non superarán o número máximo de 10 alumnas ou alumnos nin terán un número inferior a cinco,** e terán un grupo ordinario de referencia, no que cursarán as materias non incluídas nos ámbitos de coñecemento do programa de diversificación curricular.

O **PROCEDEMENTO** para a incorporación aos programas de diversificación curricular é o seguinte:

a) Logo de realizada a avaliación final ordinaria, o equipo docente realizará unha proposta provisional do alumnado que se podería incorporar ao programa, o que permitirá á xefatura do DO realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado proposto.

b) Despois da avaliación final extraordinaria, o equipo docente realizará a proposta razoada do alumnado que se podería incorporar ao programa de diversificación curricular.

c) O profesorado titor elaborará un informe individualizado do alumnado que se podería incorporar ao programa, que será remitido ao DO e que deberá constar, como mínimo, de:

1º: A competencia curricular do alumnado en cada materia.

2º: As dificultadas de aprendizaxe detectadas.

3º: As medidas de atención á diversidade aplicadas previamente.

4º: Os motivos polos que o equipo docente considera conveniente a súa integración no programa de diversificación curricular.

d) A **xefatura do Departamento de Orientación** elaborará un informe por cada alumna ou alumno, no que se incluirán as conclusións sobre o informe do profesorado titor, as da avaliación psicopedagóxica e a opinión da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumno ou da alumna, e a destes mesmos sobre a medida proposta.

e)Posteriormente, unha comisión formada polo xefe ou a xefa de estudos, que exerce a súa presidencia, o xefe ou a xefa do DO e o profesor ou a profesora titor ou titora da alumna ou do alumno valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumnado, e realizará unha proposta á dirección do centro sobre a súa incorporación ao programa de diversificación curricular.

f) A dirección do centro elevará a proposta de incorporación do alumnado ao programa de diversificación curricular ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente, na que se reflectirá a relación de alumnado proposto e de profesorado que vai impartir cada ámbito de coñecemento do programa, xunto co resto de documentación do procedemento.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

g) O Servizo Territorial de Inspección Educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de diversificación curricular que cumpran os requisitos establecidos nesta orde, que será comunicada ao centro docente antes do inicio das actividades lectivas.

Cada **ámbito de coñecemento** será impartido por unha única profesora ou un único profesor, pertencentes aos departamentos didácticos a quen corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

Cada **grupo** do programa de diversificación curricular terá unha persoa titora que se coordinará co profesorado titor do grupo de referencia e co resto do profesorado que imparta docencia no programa. Esta persoa será designada pola dirección do centro docente de entre o profesorado que imparta algún dos ámbitos de coñecemento do programa e exercerá, se é posible, o tempo de duración do programa.

A AVALIACIÓN DO ALUMNADO NOS ÁMBITOS DE COÑECEMENTO QUE CONFORMAN O PROGRAMA SERÁ CONTINUA E DIFERENCIADA, E TERÁ COMO REFERENTES OS OBXECTIVOS DE ETAPA E AS COMPETENCIAS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

**Outro tipos de medidas e programas de intervención**

O noso centro poderá establecer outro tipo de medidas e/ou programas de intervención segundo vaian xurdindo as necesidades.

Cada curso escolar, farase unha avaliación final, para valorar as novas necesidades que poidan xurdir no noso centro, co obxecto de favorecer a posta en marcha de novas medidas ou programas de intervención.

Tomarase como referencia o establecido na ***ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.***

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

## 6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

As persoas responsábeis de facer efectivas as medidas de atención á diversidade no noso centro son:

a. **Equipo directivo**: sobre todo coa coordinación da xefatura de estudos.
b. **Equipo docente**: profesorado titor, resto do profesorado.
c. **A orientadora**: coa función da xefatura do departamento de orientación, atendendo ao Decreto 120/1998.
d. **O profesorado especialista en pedagoxía terapéutica** (PT): funcións concretadas no Decreto 120/1998.
e. **Axentes externos**: servizos socais, centro de saúde, gabinetes privados, EOE…

Os MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS con que conta o departamento de orientación e a aula de apoio, están a disposición de todo o centro educativo. A información relativa a estes recursos e materiais ofrecerase por parte da orientadora educativa e o profesorado especialista en pedagoxía terapéutica.

Os materiais serán tanto propios, é dicir, elaborados polo Departamento de Orientación, como de distintas editoriais, destacando:

a. Material para a avaliación psicopedagóxica: test psicométricos, cuestionarios psicolóxicos (de uso exclusivo da orientadora educativa), probas de valoración da competencia curricular, entre outras.
b. Materiais e recursos para traballar no aula: de elaboración propia, de editorial EOS, CEPE, TEA, Aljibe, ICCE, Promolibro, Santillana, Narcea, Editex…
c. Material para a acción titorial e orientación académica: de elaboración propia ou de distintas editoriais, para favorecer a inclusión do alumnado con NEE.
d. Material das TICs: páxinas webs e blogs de interese para baixar diversos recursos, con carácter gratuito e libre, como www.edu.xunta.es; www.cnice.mec.es; www.orientared.com;

O departamento de orientación atenderá ós distintos programas específicos de atención á diversidade en colaboración cos distintos departamentos didácticos para a adquisición de materiais adaptados.

| RECURSOS ESPECÍFICOS | ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN |
|---|---|
| Aula de apoio | Departamento de orientación |
| Aulas de reforzo educativo | Departamento de orientación |

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

| | |
|---|---|
| | Departamentos didácticos |
| Aula do PDC | Departamento de orientación<br><br>Departamentos didácticos |
| Aula de convivencia | Departamento de orientación |
| Departamento de Orientación | Departamento de orientación |

**ORGANIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

| TRIMESTRE | ACTUACIÓNS |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | ■ Coordinación coas orientadoras dos centros de primaria de procedencia do alumnado que se incorpora en 1º ESO<br>■ Revisión dos casos de cursos anteriores.<br>■ Realización dunha táboa coa organización dos apoios, co número de sesións necesarias.<br>■ Organización de grupos de reforzo educativo nas materias instrumentais<br>■ Realización do horario de PT.<br>■ Avaliación inicial.<br>■ Colaboración na realización das AC e outros programas de apoio.<br>■ Elaboración de materiais adaptados para a aula de apoio e aula ordinaria.<br>■ Coordinación co profesorado e os membros do DO.<br>■ Seguimento do alumnado con NEAE.<br>■ Seguimento e apoio do alumnado de PDC con medidas de atención á diversidade.<br>■ Colaboración coas familias nas axudas para alumnado con NEAE e outras medidas.<br>■ Pre-avaliación 1º trimestre<br>■ Informes trimestrais de avaliación de PT |
| 2º TRIMESTRE | ■ Seguimento dos casos que reciben apoio específico.<br>■ Seguimento e apoio do alumnado de PDC con medidas de atención á diversidade.<br>■ Coordinación co profesorado.<br>■ Detección de posibles casos para o PDC e FPB.<br>■ Avaliacións psicopedagóxicas.<br>■ Seguimento de casos con RE e AC.<br>■ Coordinación co profesorado.<br>■ Colaboración coas familias. |

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

| TRIMESTRE | ACTUACIÓNS |
|---|---|
| | ■ Pre-avaliación 2º trimestre.<br>■ Informes de avaliación trimestrales de PT. |
| 3º TRIMESTRE | ■ Seguimento de casos.<br>■ Elaboración propostas para grupo PDC e derivación a FP Básica.<br>■ Coordinación co profesorado.<br>■ Colaboración coas familias.<br>■ Reunión coas orientadoras dos centros adscritos para preparar recollida de información sobre o alumnado e preparar a transición á ESO.<br>■ Informes de Avaliación final e toma de decisións.<br>■ Consello orientador de alumnado.<br>■ Comunicación dos alumnos propostos para a inclusión no PDC e entrevistas cos alumnos e familias.<br>■ Comunicación do alumnado proposto para FP Básica e entrevistas co alumnado e familias. |

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

## 7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

A continuación concrétanse na seguinte táboa as principais actuacións levadas a cabo polo noso centro, os profesionais implicados e os procedementos a seguir nas medidas de atención á diversidade deseñadas:

| CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS | PROFESIONAIS | PROCEDEMENTOS |
|---|---|---|
| Programa de acollida do alumnado.<br>Transición de primaria a secundaria. | Equipo directivo<br>Departamento Orientación<br>DO centros adscritos<br>Titores de centros adscritos<br>Equipo docente de ESO do noso centro. | Reunión de coordinación no terceiro trimestre nos centros adscritos: CEIP Otero Pedario e CEIP Alfredo Brañas-Caión.<br>Informe do DO recollendo necesidades educativas do alumnado que pasa á ESO.<br>Coordinación cos DO de centros non adscritos segundo xurdan as necesidades, durante o curso escolar. |
| Organización dos grupos clase, grupos heteroxéneos | Xefatura de estudos<br>Profesorado-titor<br>Orientadora<br>Profesorado de apoio | Reunións para a organización dos grupos, atendendo a criterios de heteroxeneidade (nº de repetidores, nº de alumnado con RE, nº de alumando con apoio específico de PT…) |
| Programa de reforzo educativo.<br>Alumnado de 1º e 2º ESO exento 2ª LE con RE nas materias instrumentais. | Xefatura de estudos<br>Departamento de orientación.<br>Profesorado dos departamentos didácticos implicados. | Revisión dos informes dos titores/as e dos departamentos de orientación.<br>Reunión cos distintos departamentos implicados para a súa organización (tempos, espazos…) |
| Deseño, aplicación, seguimento e avaliación das AC | Equipo directivo<br>Departamentos didácticos<br>Profesorado de apoio<br>Orientador/a | 1erT: revisión e elaboración das AC polos distintos departamentos didácticos.<br>Asesoramento e colaboración do DO na súa elaboración.<br>Seguimento trimestral.<br>Coordinación do profesorado das materias e PTs.<br>Elaboración de informes cualitativos trimestrais para a entrega ás familias. |

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

| CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS | PROFESIONAIS | PROCEDEMENTOS |
|---|---|---|
| Programa de Diversificación Curricular | Equipo directivo.<br>Departamentos didácticos.<br>Profesores-titores/as.<br>Departamento de orientación. | Durante o curso: detección de alumnado con perfil para o PDC.<br>A partires do 2ºT propostas previas e inicio de avaliacións psicopedagóxicas.<br>Despois da avaliación final, proposta de alumnado a incluír no programa, informes do titor/a e psicopedagóxico, Consello Orientador, aceptación pola familia, elevación por parte da dirección á inspección educativa da proposta para a súa autorización. |
| Organización do alumnado con NEAE co Profesorado especialista en PT (PPT) | Equipo directivo.<br>Departamentos didácticos.<br>Profesores-titores/as.<br>Departamento de orientación. | Reunión co profesorado titor para informar das intervencións do PPT.<br>Información ao profesorado e xefaturas dos departamentos didácticos sobre as intervencións dos especialistas en PT.<br>Elaboración de horarios do PPT. |
| Plan de acción titorial | Equipo directivo<br>Departamento de orientación<br>Profesores-titores/as<br>Axentes externos | Ver PAT do centro |
| Plan de convivencia | Equipo directivo<br>Departamento de orientación<br>Equipo de mediación<br>Profesores-titores/as<br>Resto do profesorado | Ver Plan de Convivencia do centro |
| Plan de orientación académica e profesional | Equipo directivo<br>Departamento de orientación<br>Profesores-titores/as<br>Axentes externos | Ver POAP do centro |
| Plan de atención educativa na aula de convivencia e a resolución de conflitos | Equipo directivo<br>Departamento de orientación<br>Profesores-titores/as<br>Resto do profesorado | Ver Plan de Convivencia do centro |

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

## 8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

### 8.1. COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO

Entre os distintos membros do centro é necesaria unha coordinación e colaboración permanente, sobre todo para a atención á diversidade buscando un ambiente positivo no centro e de tolerancia cero ante calquera acto de violencia.

O **equipo directivo** debe favorecer un bo clima no centro, facendo prevención, pero tamén intervindo e resolvendo aquelas problemáticas que poden condicionar a atención á diversidade, que poden vir dende os distintos sectores da comunidade escolar (profesorado, alumnado, familias, persoal de administración e servizos). Os mecanismos de coordinación estableceranse dende os procedementos habituais: Comisión de Coordinación Pedagóxica, claustro de profesorado e Consello escolar, ademais daquelas reunións que sexa preciso levar a cabo partido da iniciativa propia da dirección do centro ou por demanda dos membros da comunidade educativa. Cada membro do equipo directivo, cada un dentro do seu ámbito de competencia, debe favorecer a convivencia no centro educativo e unha axeitada adaptación das medidas de atención á diversidade, sendo sempre a última responsable a dirección do centro.

Os distintos **departamentos didácticos**, baixo a coordinación da xefatura de departamento, tamén manterán espazos e tempos para a coordinación e a colaboración, deixando reflectido nas súas programacións didácticas un apartado relativo á atención á diversidade ou á forma de integrar contidos de xeito transversal. Dende as CCP, os xefes de departamento establecerán as liñas de actuación a seguir no plan de orientación e plan de acción titorial.

O **departamento de Orientación** debe asesorar en todo momento e favorecer os procesos de coordinación e colaboración, participando activamente en materia de atención á diversidade.

O **claustro do profesorado** estará implicado e participará en todas aquelas actividades que se consideren oportunas, a nivel complementario e extraescolar, buscando un ambiente de colaboración que influirá positivamente, sobre todo, no alumnado e nas familias.

### 8.2. COORDINACIÓN E COLABORACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS

Durante todo o curso escolar haberá coordinación e colaboración cos centros adscritos, o CEIP Otero Pedraio en A Laracha, CEIP Alfredo Brañas (Paiosaco), e CEIP de Caión. Destácase a acollida do alumnado ao comezo do curso, coa invitación ás familias, asignación dos grupos e titorías. Pero será, sobre todo, durante o terceiro trimestre onde se farán varias actuacións cos centros adscritos, sobre todo co alumnado que ven novo ao instituto:

- Charlas informativas ao alumnado e familia no cambio de etapa.
- Reunión co equipo docente, especialistas en apoio e orientación de primaria co departamento de Orientación do instituto.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

- Xornadas de portas abertas, con charla sobre a organización e funcionamento do centro, e visita das instalacións.

Parte destas actuacións faranse extensibles a outros centros de primaria da zona non adscritos que teñan interese en coñecer o funcionamento do instituto.

**8.3. COORDINACIÓN E COLABORACIÓN COS CENTROS DE PRIMARIA NON ADSCRITOS E DE CENTROS DE SECUNDARIA DA ZONA**

O noso centro ten recibido peticións de admisión do alumnado dalgúns centros de primaria non adscritos do contorno. Neste caso, o departamento de orientación ponse en contacto cos centros e os seus respectivos departamentos de orientación, para recoller información que poida ser de utilidade para dar resposta ás necesidades educativas que poidan xurdir.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

## 9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

### 9.1. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

O centro establecerá mecanismos de coordinación formais coas familias na representación do Consello escolar.

Por outro lado, é desexable contar coa implicación e manter unha boa relación de colaboración coa asociación de nais e pais de alumnado (ANPA).

Dende o comenzo de cada curso, estableceranse reunións coas familias dos alumnos e alumnas, en especial do alumnado novo, sobre todo na ESO, para informar sobre a organización e funcionamento do centro. Ademais destas reunións, comunicaránselles as vías de coordinación e colaboración do centro, valoradas sempre como moi necesarias, coas horas de atención ás familias por parte do profesorado, un espazo de atención ás familias e a posibilidade de derivar calquera actuación cara ao departamento de orientación coa coordinación dos titores e titoras.

Polo tanto, coas familias levaranse a cabo as seguintes actuacións, que facilitarán a colaboración familia-centro:

- Insistirase en favorecer as relacións do centro coas familias de alumnos/as, especialmente de AcNEEs.
- Os pais, nais o titores legales de AcNEEs obxecto de AC recibirán unha información precisa e continuada sobre o proceso educativo dos seus fillos/as.
- Ofrécese asesoramento aos titores/as sobre realización de reunións e entrevistas con pais.
- Realizaranse entrevistas individuais con pais e nais a petición destes ou do titor/a.
- Orientación colectiva ás familias sobre a estrutura do sistema educativo polo que transitan os seus fillos e fillas; o proceso de ensino-aprendizaxe que desenvolvan os alumnos/as; futuras conexións académicas e posibilidades profesionais; as formas de apoiar dende casa a acción educativa do Centro e outros temas que podan ser de interese, fomentando as actividades como Escola de Familias.

### 9.2. COLABORACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS Ó CENTRO

Na zona de A Laracha e con respecto a este centro hai coordinación con distintos organismos e asociacións que directa ou indirectamente favorecen a atención á diversidade no centro educativo, desenvolvendo programas específicos ou intervindo en casos individuais segundo as necesidades que se presentan:

- ☐ Servizos Socias do Concello de A Laracha.
- ☐ Servizos de Saúde.
- ☐ Servizos de Seguridade, coa Garda Civil e a Policía Local.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

- Asociación APEM atención a persoas con enfermidade mental.
- Asociación INTEGRO de atención a personas con discapacidade.
- Asociación ASPABER de atención a persoas con discapacidade.
- Centros ou gabinetes privados de psicoloxía, psicopedagoxía e logopedia.
- Centro de apoio social de Cáritas.
- Centro de Información da Muller de A Laracha.

Sen ser na zona, por necesidades do centro, cóntase con outros servizos a destacar:

- Unidade de saúde mental infanto-xuvenil do Sergas, na Coruña
- Equipo de Orientación Específico, da administración educativa, na Coruña.
- Organización Nacional de Cegos – ONCE, na Coruña
- ASPANAES, ASPERGA e outras asociacións e entidades que traballan coa diversidade.

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

## 10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

### 10.1. DERIVACIÓN AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO CENTRO

O noso centro educativo conta cun departamento de orientación que atenderá a todas aquelas demandas que sexa necesario para dar resposta á diversidade. Esgotadas as medidas ordinarias que poidan levarse a cabo polo centro, deberá intervir o departamento de orientación para a posta en marcha de medidas extraordinarias ou máis específicas.

